

COMUNICACIÓN DA COMPATIBILIDADE DA PRESTACIÓN DE XUBILACIÓN CO 100% DAS RETRIBUCIÓNS PERCIBIDAS PARA A ACTIVIDADE ARTÍSTICA

Desde o 1 de abril deste ano, é posible compatibilizar o 100% da prestación de xubilación co 100% das retribucións percibidas pola actividade artística (tanto por conta propia como allea).

A compatibilidade entre a prestación de xubilación e as retribucións percibidas atópase regulada no artigo 249.4 da Lei Xeral da Seguridade Social.

En caso de acceder á xubilación anticipada, a persoa xubilada deberá esperar a cumprir a idade ordinaria de xubilación para compatibilizar traballo e prestación.

Hoxe en día, o procedemento para solicitar a compatibilidade é o seguinte:

Procedemento que debe levar a cabo a persoa traballadora artista:

1.- En caso de acceder por primeira vez á prestación de xubilación.

É posible pedir a compatibilidade no momento en que se fai o trámite para xubilarse.

Desta maneira infórmase ao Instituto Nacional da Seguridade Social (INSS) cada vez que se realiza un traballo como artista, tanto por conta allea como por conta propia, que a persoa quere compatibilizar a prestación de xubilación coa remuneración que perciba polo traballo realizado.

A ligazón para realizar este trámite é a seguinte:

Pensión de xubilación nacional compatible con actividade de creación artística | Solicitud e trámites da seguridade social (seg-social.es) <https://tramites.seg-social.es/tramites/pension-jubilacion-nacional-compatible-actividad-creacion-artistica.html>

2.- En caso das persoas artistas que xa son beneficiarias da prestación de xubilación.

No caso de que a persoa traballadora xa estea xubilada, deberá comunicar a intención de compatibilizar a prestación de xubilación coa remuneración que vai percibir pola actividade artística a través do documento de Comunicación inicio/fin da actividade laboral, simultánea á condición de pensionista.

O documento de comunicación de inicio/ fin de actividade atópase na seguinte ligazón: https://www.seg-social.es/wps/wcm/connect/wss/8d957fbe-7f5d-41fd-9d71-8405e7dbc492/6-067_Castellano_12_Accesibilidad+%282%29.pdf?MOD=AJPERES

Así, deberá marcar a seguinte opción que se atopa na páxina 1:

COMPATIBILIDADE COA ACTIVIDADE ARTÍSTICA

1. Unha vez cumprimentado e asinado, pódese:

- Presentar presencialmente
- Escanear e presentar por rexistro electrónico

Este procedemento é o mesmo tanto para persoas traballadoras autónomas, como por persoas traballadoras por conta allea e débese realizar cada vez que se leve a cabo unha nova actividade artística (tanto por conta propia como por conta allea).

Procedemento que debe levar a cabo a empresa.

A empresa que contrate a unha persoa traballadora xubilada que queira compatibilizar a prestación de xubilación coa retribución pola actividade artística, debe informar á Tesourería Xeral da Seguridade Social.

Así, a empresa a través do usuario REDE no sistema CASIA, debe realizar o seguinte trámite:

Afiliación altas e baixas

Variación de traballadoras de réxime xeral

Situacións adicionais de afiliación

Solicitar que se anote a situación adicional núm. 123 que permite compatibilizar a pensión de xubilación co traballo artístico que realizará

A Tesourería Xeral de Seguridade Social contestará á empresa confirmando que o procedemento é correcto e que se anota a situación adicional solicitada.

Unha vez tramitouse a compatibilidade, a persoa traballadora xubilada cotizará unicamente por continxencias profesionais, aínda que tamén quedará suxeito a unha cotización especial de solidariedade do 9% sobre a base de cotización por continxencias comúns (7% a cargo do empresario e 2% a cargo da persoa traballadora), tal e como recolle o artigo 153.ter da Lei Xeral da Seguridade Social.